Sequoia sempervirens (D.Don) Endl., 2010

- sequoia
- secuoya de la costa, s. roja, s. de California
- sekuoia gorria
- sequoia vermella
- coast redwood
- sequoia-vermelha



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX | ES | CR | **EP** | VU | CA | PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Pinopsida**	**Piniales**	**Cupressaceae**	***Sequoia***

ORIXE

Costa norte e central do estado de California e do sur de Oregón.

CARACTERÍSTICAS

Árbore perenne de tamaño moi grande (conífera máis alta do mundo, alcanzando alturas de máis de 110 m). Tronco recto, cilíndrico, con pólas horizontais lixeiramente curvadas cara a abaixo. Codia grosa, suave, de cor marrón avermellada brillante. Follas de tamaño variable (15-25 mm), aplanadas, dispostas en espiral, de cor verde escura nas superficies superiores e con dúas bandas de estomas branco-azulados no envés. Conos ovoides, de 15 a 32 mm de longo, con 15-25 escamas dispostas en espiral. Cada escama contén 3-7 sementes, de 3-4 mm de longo e 0,5 mm de ancho, con dúas ás de 1 mm. Estas sementes libéranse cando as escamas maduran e ábrense ao secaren.

HÁBITAT

Sistemas montañosos bastante húmidos; medrando en grupos, para protexerse de ventos fortes e xeadas. En terreos entre os 30 e os 920 m de altitude, baixando ocasionalmente ata o nivel do mar.

DISTRIBUCIÓN

Costa oeste de América do Norte. Introducida en España, Francia, Italia e outras rexións de Europa como árbore ornamental.

CURIOSIDADES

Son árbores moi lonxevas (entre 1200 e 1800 anos). A sequoia costeira máis antiga do mundo supera os 3300 anos.